

MANIFESTO POLO DÍA MUNDIAL DA ESCLEROSE MÚLTIPLE 2026

Por unha atención máis humana, coordinada e accesible na sanidade pública

O 30 de maio é o Día Mundial da Esclerose Múltiple, unha enfermidade neurodexenerativa, autoinmune e crónica que afecta a máis de 50.000 persoas en España e máis de 4.500 en Galicia. Coñecida como a enfermidade das mil caras, a Esclerose Múltiple (EM) provoca unha gran variedade de síntomas, uns máis conspicuos e outros que non se perciben tan facilmente.

Dende a **Federación Galega de Esclerose Múltiple (FEGADEM)** e as nosas cinco entidades membro, recoñecemos a inmensa labor do persoal sanitario do sistema público galego, referente pola calidade da súa atención. Ao mesmo tempo, consideramos necesario seguir avanzando e mellorando o sistema cara unha atención máis humana, coordinada, accesible e adaptada á realidade da EM.

As persoas con esta enfermidade e as familias seguen enfrontándose a barreiras no acceso á atención sanitaria, pese a súa boa calidade e profesionalidade. Unha das maiores demandas ten que ver cos tempos, coas **listas de agarda** para consultas, probas diagnósticas e seguimento. Nesta enfermidade, o tempo é moi importante para reducir o agravamento dos síntomas, a ansiedade ou previr o empeoramento da calidade de vida.

Ademais, **o sistema público non chega a cubrir todas as necesidades** relativas a certos servizos, como a fisioterapia, a logopedia, a nutrición ou o apoio psicolóxico, entre outros. Obrígase así, en moitos casos, a recorrer á sanidade privada, co impacto económico que iso supón.

Estas dificultades impactan tamén na **esfera privada da persoa**: na saúde mental, na sensación de seguridade ou na confianza que se ten no sistema sanitario. Moitas persoas con EM e as súas familias conviven cunha sensación constante de desprotección, sobrecarga e inseguridade fronte ao futuro.

Estas problemáticas, sumadas a outras recollidas no noso “Informe da situación sanitaria na Esclerose Múltiple en Galicia”, agrávanse especialmente no **rural**, onde o acceso aos servizos está aínda máis limitado. Tamén detectamos certas carencias na **coordinación** entre profesionais, unha **falta de información** xeral, falta de **acompañamento** no diagnóstico, ademais da persistencia de **negos de xénero** e dificultades no recoñecemento do **grao de discapacidade** debidas á falta de inclusión dos síntomas invisibles nos informes médicos.

Por todo isto, dende FEGADEM e as nosas entidades

DEMANDAMOS:

1. **A redución das listas de espera** en neuroloxía e nas probas diagnósticas, sobre todo nas resonancias magnéticas e nas consultas de revisión e seguimento.
2. **O reforzo de profesionais especializados/as en EM** nas distintas áreas asistenciais e a creación de unidades multidisciplinares, coordinadas e especializadas na enfermidade, que teñan tamén en conta ás familias.
3. A incorporación estable da **rehabilitación integral e preventiva** como tratamento continuado a estas persoas, así como garantir unha atención psicolóxica especializada dende o momento do diagnóstico para a persoa diagnosticada e a familia.

4. **Unha atención máis humana**, con mellores protocolos de información e acompañamento ao diagnóstico, con canles directas de comunicación entre pacientes e equipos sanitarios.
5. Medidas que **reduzan a brecha territorial** entre o rural e o urbano na atención á EM.
6. **A eliminación dos nesgos de xénero** á hora de diagnosticar ou avaliar a evolución da EM.
7. **A axilización dos procedementos** de valoración de discapacidade e dependencia, fomentando que os informes médicos recollan tamén os síntomas invisibles da EM (cognitivos, psicolóxicos, sensoriais...).
8. **Maior coordinación** entre profesionais e entre o sistema sanitario e o movemento asociativo, dando información sobre as organizacións de pacientes e os recursos dispoñibles no momento do diagnóstico.

As organizacións de pacientes complementamos a atención sanitaria a través dos nosos servizos de rehabilitación e información. Existimos para complementar e reforzar o sistema público, xerando comunidade e contribuíndo á mellora da calidade de vida das persoas con EM.

A Esclerose Múltiple afecta a cada persoa de forma distinta, pero todas comparten unha mesma necesidade: vivir con dignidade, con apoios adecuados e con igualdade de oportunidades.

Neste día mundial queremos resaltar os avances acadados polo noso sistema sanitario, que son inestimables. Pero é necesario tamén visibilizar as cuestións que continúan xerando desigualdades, inseguridades e que impactan na calidade de vida das persoas con Esclerose Múltiple e as súas familias. Buscamos lembrar as cuestións que aínda podemos mellorar, construíndo solucións para seguir sendo referentes no relativo á asistencia sanitaria nesta enfermidade.

En Galicia temos a capacidade, a calidade profesional e o tecido social necesario para seguir avanzando cara un modelo de atención máis eficiente e centrado nas persoas. Está nas nosas mans.